

Resolución do 22 de xaneiro de 2018 do Director-Xerente de SEAGA, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado en Dereito, pola que se aproba e se fai pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos nesta categoría.

Por resolución do 16 de xaneiro de 2018 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA, aprobouse e fíxose pública a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría profesional de Licenciado en Dereito.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos, de conformidade co establecido nas bases xerais 1.6.3 e nas bases específicas 1.4.3 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado en Dereito.

Segundo.- Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de candidatos admitidos e excluídos.

Facer pública a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos ó proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Licenciado en Dereito, trala resolución das reclamacións efectuadas, que figura publicada como ANEXO, na que os candidatos figuran por orde do D.N.I, apelidos e nome, co/s perfil/is profesional/is, ámbito/s territorial/is e con indicación, no caso dos candidatos excluídos, da causa determinante da súa exclusión.

Santiago de Compostela, a 22 de xaneiro de 2018.

O Director-Xerente

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.

